



De esquerda a dereita, Alfonso Rueda, Peregrina Quintela, Mabel Loza, Alberto Núñez Feijoo, María José Alonso, Alicia Estévez e Susana López Abella. Foto: xunta.gal.

Mabel Loza recibe en Santiago o premio María Wonenburger

A catedrática da universidade compostelá é unha referencia internacional na investigación farmacolóxica

● Por **Redacción** - 28/01/2020

A **catedrática da USC** Mabel Loza recibiu este luns no Hostal dos Reis Católicos de Santiago de Compostela o premio María Josefa Wonenburger Planells, destinado a recoñecer a traxectoria de mulleres científicas de Galicia que se adelantaron ao seu tempo e abriron camiños a moitas outras. A

galardoada, unha referencia internacional na investigación farmacolóxica, abordou no seu discurso a **importancia do equipo e das persoas** como elemento fundamental para facer ciencia de calidade, sempre orientada a resultados e que se erixe na misión da universidade pública.

Mabel Loza mantivo nos últimos lustros unha activa participación en programas públicos e privados no ámbito do **descubrimento temperán de fármacos** español e europeo, foi investigadora en máis de 90 proxectos de investigación, en 70 como investigadora principal. Participou en once candidaturas a fármacos que chegaron a ensaios clínicos en pacientes, dentro de programas de transferencia de I+D coa industria farmacéutica.

O acto estivo presidido polo titular da Xunta, **Alberto Núñez Feijóo**, que resaltou na súa intervención o “compromiso inquebrantable” de Mabel Loza coa importancia da ciencia e do coñecemento no avance sociedade. Un compromiso que “desenvolve cada día” desde o grupo BioFarma da USC, destacou Feijóo. “Como Wonenburger, Loza realizou estadias fóra, no seu caso, no Centro Médico Monte Sinaí de Nova York. Pero continuou a súa carreira científica en Galicia, desde a mesma alma máter na que se formou, a Universidade de Santiago, e o eco das súas investigación traspasa as nosas fronteiras”, expuxo, subliñando ademais a súa participación na creación de tres compañías.



A catedrática da USC Mabel Loza gaña o Premio Wonenburger

A investigadora en novos fármacos recibe este galardón que recoñece ás investigadoras galegas

O presidente do Executivo lembrou tamén outras fiugras galardoadas co premio que leva o nome da investigadora coruñesa. “**Inmaculada Paz Andrade, María Teresa Miras Portugal, María Soledad Soengas, Carmen Navarro, Ofelia Rey, Tarsy Carballas, María José Alonso, Carmen García Mateo, Isabel Aguirre, Peregrina Quintela, Begoña Vila, Alicia Estévez** . Todas elas foron premidas e todas elas asinan traxectorias sobresaíntes no eido científico e académico ás que hoxe se suma Mabel Loza”, sentenciou.

Este galardón leva o nome da científica que foi unha autentica **pioneira e referente feminino** internacional no ámbito das ciencias e unha adiantada ao seu tempo. O premio naceu en 2007 para resaltar as **traxectorias relevantes** de mulleres nos eidos das ciencias e da tecnoloxía, baixo un nome que pretende ser unha homenaxe á figura da matemática coruñesa.

ETIQUETAS

[Alberto Núñez Feijoo](#)

[Farmacoloxía](#)

[Mabel Loza](#)

[premio maría wonenburger](#)

[USC](#)

[Xunta de Galicia](#)